



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE O VICEDO PARA O ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS DO PORTO E FRANCISCO VILASUSO NO NÚCLEO URBANO DE O VICEDO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de O Vicedo, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de O Vicedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de O Vicedo, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Acondicionamento das rúas Do Porto e Francisco Vilasuso no núcleo urbano de O Vicedo”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de O Vicedo trata de promover unha actuación consistente na “**Acondicionamento das rúas Do Porto e Francisco Vilasuso no núcleo urbano de O Vicedo**”.

A actuación obxecto do convenio situase no núcleo urbano do Vicedo , correspondendo o seu emprazamento ás vías públicas denominadas C/ Francisco Vilasuso e Travesía do Porto.

Actualmente o pavimento destes viarios, que se pretenden acondicionar está constituído por aglomerado asfáltico sobre afirmado de grava.

Debido ao transcurso do tempo, ao tránsito de vehículos pesados e ás incidencias meteorolóxicas, na actualidade o pavimento presenta deficiencias que se traducen en fochancas, alabeos e gretas na calzada, co consecuente prexuízo para os usuarios.

A xustificación das obras vén dada, por tanto, pola necesidade de emendar as deficiencias sinaladas anteriormente, deixando a calzada nas adecuadas condicións de tránsito.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

